Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de decembro de 2018 adoptou o acordo 9/701 **APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA O ANO 2018**, e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario: 1 praza TÉCNICO/A SUPERIOR ELECTRICISTA, Grupo B, escala administración especial.

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 39, do 15 de febreiro de 2019, e DOG número 73, do 15 de abril de 2019.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 8/297 **APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN**

PROPIEDAD A UNHA PRAZA TÉCNICO/A SUPERIOR ELECTRICISTA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a superior electricista do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 19 de maio de 2021, que seguidamente se transcriben:

“1º.- **OBJECTO.-** É obxecto das presentes bases específicas a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de TÉCNICO/A SUPERIOR ELECTRICISTA, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018.

Ditas bases foron publicadas Integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 256, de data 7 de novembro de 2014 e 15 de febreiro de 2019.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: TÉCNICO/A SUPERIOR ELECTRICISTA

b) Grupo de titulación: B

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica medio

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

a) Técnico Superior en Sistemas Electrotécnicos e Automatizados. Técnico especialista en electrónica de comunicacións (Rama electricidade e electrónica)

b) Ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade, pertencente á Escala de Administración Especial ó grupo inmediatamente inferior, e ter unha antigüidade mínima de dous anos no grupo dende o que se promociona.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo e os aspirantes manifestarán nelas, de xeito expreso, que reúnen todas e cada unha das condicións de admisión previstas nestas bases específicas e nas xerais aprobadas pola Xunta de Goberno en sesións do 2 de xuño de 2010, 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018 para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final séptima da mesma).

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, na solicitude de admisión ó concurso-oposición deberán alega-los méritos que posúan de entre os especificados na base décimo terceira das bases xerais anteriormente citadas de acordo coa modificación aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22 de decembro de 2010 e acompañar á dita solicitude os certificados e títulos ou diplomas acreditativos de tales méritos, sen que o tribunal poida valorar méritos diferentes dos alegados na solicitude ou insuficientemente acreditados, sen que proceda a concesión de prazos ós solicitantes para a corrección de tales deficiencias.

6º.- **FASE DE CONCURSO.** Consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polos aspirantes no momento de presentación das instancias. Os méritos serán valorados de acordo co baremo que se establece na base décimo terceira das xerais aludidas na base anterior.

7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán supera-los aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 80 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

- SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de 2 horas, un ou varios supostos ou probas prácticas que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e versará sobre algunha das cuestións e materias contidas no temario específico.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ó disposto na base décimo sétima letra C, das bases aprobadas pola Xunta de Goberno o 2 de xuño de 2010 modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018 que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición, será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación obtida na fase de oposición incrementárase coa correspondente á fase de concurso.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- Regulamento de Eficiencia Enerxética en Instalacións de Alumeado Exterior.

Tema 2.- REEAE: Instrucións Técnicas Complementarias: EA01. Eficiencia enerxética.

Tema 3.- REEAE: Instrucións Técnicas Complementarias: EA02. Niveis de iluminación

Tema 4.- REEAE: Instrucións Técnicas Complementarias: EA04. Compoñentes das instalacións.

Tema 5.- REEAE: Instrucións Técnicas Complementarias:EA05. Documentación Técnica, verificacións e inspeccións.

Tema 6 .- Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión: Obxecto. Campo de aplicación. Redes de distribución. Instalacións de alumeado exterior. Tipos de subministro. Acometidas e instalacións de enlace. Instalacións interiores ou receptoras. Receptores e posta a terra. Execución e posta en servizo das instalacións. Mantemento das instalacións.

Tema 7.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-04: Documentación e posta en servizo de instalacións. ITC-BT-05: Verificacións e inspeccións.

Tema 8.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-06: Redes aéreas para distribución en baixa tensión.

Tema 9.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-07: Redes soterradas para distribución en baixa tensión.

Tema 10.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-09: Instalacións de alumeado exterior. ITC-BT-10: Previsión de cargas para subministros en baixa tensión. ITC-BT-11: Redes de distribución de enerxía eléctrica. Acometidas.

Tema 11.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-12 a 17. Instalacións de Enlace.

Tema 12.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-18. Instalacións de posta a terra.

Tema 13.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-28. Instalacións en locais de pública concurrencia. ITC-BT-30. Instalacións en locais de características especiais.

Tema 14.- REBT: Instruccións Técnicas Complementarias: ITC-BT-31 a 34. Instalacións con fins especiais. Piscinas e fontes. Máquinas de elevación e transporte. Instalacións provisionais e temporais de obras. Ferias e stands. ITC-BT- 44. Instalación de receptores. Receptores para alumado.

Tema 15.- Centros de Transformación: Función, tipoloxía e características xerais. Características constructivas e de emprazamento. Celdas: Tipos, elementos. Esquemas. Transformadores: Funcionamento, regulación, acoplamento, proteccións.

Tema 16.- Manobras nos Centros de Transformación: Procedementos normalizados. Precaucións e normas de seguridade. Tomas de terra en Centros de Transformación. Características.

Tema 17 - Protección das liñas eléctricas de media tensión. Interruptores automáticos: Tipoloxía, extinción do arco, accionamiento. Seccionadores: Tipos, características e mandos. Fusibles cortacircuitos: Tipoloxía y características. Postas a terra: Sistemas e partes. Relés: Tipos e características. Reenganchador. Autoválvulas y explosores.

Tema 18.- Corrente alterna trifásica: Sistemas. Medida de potencias. Corrección do factor de potencia. Distribución en Baixa Tensión. O conductor eléctrico. Correntes de cortocircuito.

Tema 19.- Cálculo eléctrico dos conductores das liñas eléctricas de baixa tensión. Liñas de distribución soterradas en baixa tensión. Cálculo eléctrico.

Tema 20 - Liñas de distribución aéreas en baixa tensión. Cálculo eléctrico. Cálculo mecánico de liñas de distribución aéreas en baixa tensión.

Tema 21.- Caída de tensión en corrente alterna. Parámetros de liña. Efecto da inductancia e capacitancia nunha liña eléctrica trifásica.

Tema 22 - Corrente continua. Xeración e distribución de corrente continua. Máquinas de corrente continua: dinamos e motores. Tipoloxía en función da excitación. Fenómeno de conmutación e de reacción de inducido.

Tema 23 - Transformadores trifásicos. Relación de transformación nominal. Devanados. Desfase entre primario e secundario. Bornes do transformador. Polaridade dos bornes. Grupos de conexión. Tensión de cortocircuito. Caída de tensión ohmica. Tensión de dispersión. Pérdidas e rendemento dun transformador. Ventilación de celdas.

Tema 24 - Tarifas eléctricas, Partes da factura eléctrica. Tarifa eléctrica de PVPC, potencia de facturación, tarificación con maxímetro, discriminación horaria, termo de enerxía reactiva, Tarifas de acceso en BT.

Tema 25 - Corrección do factor de potencia. Causas dun baixo factor de potencia, necesidades de compensar o factor de potencia. Modalidade de compensación. Instalación da Bateria de Condensadores.

Tema 26 - Armónicos. Causas e efectos. Detección de armónicos e medidas. Corrección do efecto dos armónicos.

Tema 27.- Protección das instalacións eléctricas e prevención de accidentes. Normativa de seguridade eléctrica. Protección contra sobreintensidades e sobretensións. Protección contra contactos directos e indirectos, dispositivos.

Tema 28.- Documentación, para a xestión do taller de mantemento: Inventarios, follas de material, boletines de averías, etc. Organización de almacenes. Codificación de materiais. Técnicas para a xestión de «stock». Elaboración de albaranes, entradas e saídas.

Tema 29.- Organización e xestión do mantemento, Control de compras e materiais. Ciclos de compras. Especificacións de compras. Relación con provedores. Control de existencias. Pedidos, Almacenes.

Tema 30.- Instrumentos de medida electrotécnica. Tipoloxía, características e funcionamento. Alcances. Campo de medida. Sensibilidade. Precisión. Errores.

Tema 31.- Prevención de riscos laborais. R.D. Real Decreto 614/2001, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte o risco eléctrico. Traballos sin tensión, traballos en tensión, traballos en proximidade. Definición e medidas preventivas.

Tema 32.- Prevención de riscos laborais. Traballos en altura. Equipos protección colectiva e individuais para traballos sobre escaleira e plataforma elevadora.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público, a composición dos tribunais cualificadores será a seguinte:

Presidente: Un/ha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o pola Xunta de Goberno Local, entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal).

Vogais:

- Tres técnicos ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeados pola Xunta de Goberno Local, entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal).

Secretario/a: un funcionario/a do grupo A1 ou a A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a pola Xunta de Goberno Local, entre aqueles que presten servizos no Concello de Lugo e conten con formación no ámbito xurídico”.

A súa vez será aplicable a Instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada día nove de outubro de dous mil dezanove.

10º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

- **SEGUNDO.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que, contra o mesmo, pódense interpoñer os seguintes recursos:
- - Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.
- - Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003, de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.
- Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 20 de outubro de 2021.

R. 3041

PALAS DE REI*Anuncio***SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS DE AXUDA A DOMICILIO MEDIANTE INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN****BASES DA CONVOCATORIA****1. Obxecto**

A convocatoria ten por obxecto a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato por obra ou servizo determinado de 4 postos de axuda no domicilio, coa finalidade de dotar o servizo de mais persoal, debido as baixas contractuais, para a atención domiciliaria.

2. Características do posto de traballo ofertado

Denominación do posto:	Axuda a domicilio
Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	Servizos Sociais

Categoría profesional	9
Titulación esixible	Estudios primarios ou equivalentes
Sistema de selección	Concurso
Núm. de Postos que se convocan	4 postos contrato 401

3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Obra ou servizo determinado.
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada completa e parcial
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	8h/día
Retribución bruta	SMI 2021 965€/mensuais + prorrateo das extras

4. Requisitos dos aspirantes

4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Non haber traballado en esta administración, 24 meses ou máis nos últimos meses a contar desde a data das bases, segundo o establecido especialmente nos artigos 27 e 28 da Ley 2/2015 do empregado público de Galicia.

Tanto os requisitos imprescindibles, como os méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificacións expedidas polos organismos competentes. A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais descritivas do tempo e funcións desenroladas: **vida laboral e certificados administrativos, contratos administrativos, contratos laborais ou similares.**

4.2. De carácter específico.

- Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente.

-Estudios primarios ou equivalentes

- Permiso de conducir B1,AM, A1, A2, A, o vehículo sin carné.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e páxina web do Concello de Palas de Rei.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse na páxina web do concello e o taboleiro de anuncios.

6. Procedemento selectivo.

6.1. Documentación.

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como **Anexo I** a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Palas de Rei, xunto coa documentación que na mesma se indica.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán adiantar á dirección concellopalasderei@gmail.com, un resgado de ter presentado a solicitude, dentro do prazo de presentación, indicando como asunto: proceso axuda a domicilio

6.2. Prazo de presentación de instancias.

Cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e ditarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

6.4. Órgano de selección

A Comisión Técnica de Selección será nomeada por resolución do alcalde e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora da igualdade entre homes e mulleres.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no que para o ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

6.5. Colaboradores.

A Comisión Técnica de Selección, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

6.6. Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

Proba de Galego:

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de

conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nun tipo test proposto polo tribunal, nun tempo máximo de media hora.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización desta proba aqueles aspirante que posúan o celga 2 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

7. Fase de concurso :

“Méritos computables: Os establecidos no REGLAMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL E BOLSA DE TRABALLO DO CONCELLO DE PALAS DE REI publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Boletín Número 087, de 17/04/2006

1. Méritos Profesionais

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en Administración Pública en igual posto ou similar: 0,10 puntos

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en empresa pública ou privada, cando sean por conta allea, en igual posto ou similar: 0,05 puntos, hasta un máximo de 1,5 puntos

Este apartado non pode superar os 6 puntos

2. Formación extraacadémica recibida.

Considerarase neste apartado a asistencia a cursos, seminarios, congresos, jornadas ou similar impartidos por organismos públicos e/ou oficiais, e organismos privados, relacionada co posto a desempeñar, valorándose mediante a aplicación da seguinte fórmula:

Centros de Formación Públicos: Nº horas X 0,005 puntos.

Centros de Formación Privados: Nº horas X 0,002 puntos.

Aplicarase a fórmula de valoración a aqueles cursos dunha duración inferior ou igual, nunca superior a 250 horas, e decir, o máximo establecido na duración dun curso para o seu cómputo e de 250 horas.

Neste apartado non se valorará a titulación académica esixida para o acceso ao posto correspondente nin as que resulten necesarias para obter a titulación superior.

Valoraranse outras titulacións académicas complementarias e directamente relacionadas co posto con 1 punto.

3. Formación extraacadémica impartida.

A puntuación neste apartado non poderá exceder de 2,5 puntos.

Consideraranse neste apartado os cursos, as conferencias, os seminarios, as comunicacións a congresos, as ponencias, etc. organizados polos organismos públicos e as publicacións.

Por cada hora de curso: 0,05 puntos.

Por conferencia ou ponencia en cursos, seminarios ou xornadas: 0,15 puntos.

Por cada comunicación: 0,10 puntos.

Por cada artigo en revista especializada: 0,40 puntos.

Por cada capítulo de libro: 0,40 puntos/Nº de autores, sin poder exceder de 1 punto.

Por cada libro: 1 punto/Nº de autores.

En caso de empate en la fase de concurso se estará a lo dispuesto en el artículo 44 del Real Decreto 364/1995. “

7.1. Acreditación

Os méritos alegados acreditaranse mediante a copia auténtica dos diplomas ou certificados expedidos polos organismos ou entidades correspondentes.

A experiencia laboral deberá vir debidamente acreditada cos contratos de traballo ou certificados de empresa, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización dos mesmos, así como a categoría profesional pola que fora contratado.

Achegarase así mesmo, informe de vida laboral.

7.2.-Fase de oposición

Realizarase unha proba tipo text que elaborará o tribunal segundo o temario que acompaña estas bases como ANEXO I

7.3. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas nos dous exercicios da fase de oposición mais a dos méritos acreditados na fase de concurso.

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Selección confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e remitirá ao órgano competente proposta de candidato/a para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

O órgano competente procederá á formalización do contrato previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

8. Constitución de bolsa de emprego

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas que superen a fase de concurso e non resultaran seleccionadas para a formalización do contrato, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente, debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida na oposición mais os méritos acreditados, seguindo o procedemento de publicidade e alegacións descrito no apartado anterior.

9. Incidencias

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, e o Convenio Colectivo do Persoal do Concello de Palas de Rei.

ANEXO I

- 1.- Ley 13/2008, de 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia
- 2.- La constitución española: Estructura básica y derechos y deberes fundamentales
- 3.- Decreto 148/2014, de 6 de noviembre, por el que se modifica el Decreto 99/2012, de 16 de marzo, por el que se regulan los servicios sociales comunitarios y su financiación

Anexo I

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR O POSTO QUE SE RELACIONA.

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PALAS DE REI (LUGO)

POSTO DE TRABALLO AO QUE SE PRESENTA
.

DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME	DNI
DOMICILIO	Tif.
	e-mail

SOLICITO participar na convocatoria para selección de persoal identificada no encabezamento a cuxas bases me someto expresamente.

DECLARO BAIXO A MIÑA PERSOAL RESPONSABILIDADE que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a aportar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndome a presentar os orixinais no caso de que me sexan requiridos.

ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ESIXIDA NAS BASES

- a) Copia do DNI ou pasaporte
- b) Estudos primarios ou equivalente
- c) Copia do Celga 2 ou equivalente

(Para o caso de non acreditar o Certificado Celga, enténdese solicitada a realización da proba de galego).

ACHEGO OS SEGUINTE DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (-acreditación-):

(Relacionar os documentos que se acompañan)

<p>1.</p> <p>2.</p> <p>3.</p> <p>4.</p> <p>(...)</p> <p>(Se resultara insuficiente este espazo, engadiranse outros folios, que deberán asinarse).</p> <p>Engade follas adxuntas á relación de méritos? __ SÍ __ NON (marcar con X)</p> <p>Nº de follas engadidas: ____.</p>

_____, __ de _____ de 2020

(sinatura)

Palas de Rei, 20 de outubro de 2021.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 3042

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente número: A/27/23080

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Comunidad de Usuarios Traída de Cerdeira-Santón-Vaso

N.I.F. nº: G 42917260

Domicilio: Carraceira, s/n- Librán 27278 - Baleira (Lugo)

Peticionario: Comunidad de Usuarios Traída de Cerdeira-Santón-Vaso

Nombre del río o corriente: Fuente Cerdeira, Santón y Vaso

Caudal solicitado: 8600 l/día

Punto de emplazamiento: Cerdeira, Monte Soumede

Término Municipal y Provincia: Baleira (Lugo)

Destino: Abastecimiento a Carraceira

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:

Captaciones, conducciones a arqueta de reunión y conducción a 15 depósitos alojados en una edificación.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Baleira o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 30 de septiembre de 2021.- El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 2845

Anuncio

Expediente número: A/27/22007

Asunto: Modificación de características de la concesión de 0,035 l/seg., de agua del manantial Cortín en Lamas (Santalla), T. M. de Ribeira de Piquín (Lugo), otorgada el 14/05/2020 a la Comunidad de Usuarios de Agua Manantial Cortín, con destino a abastecimiento de agua a tres viviendas

BREVE DESCRIPCIÓN DE LA MODIFICACIÓN:

Se pretende ampliar en 0,7 l/seg., con destino a riego en la parcela 286 del polígono 26, desde las instalaciones existentes.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Ribeira de Piquín o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 7 de octubre de 2021.- El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 2913

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****Expediente:** A/27/07299/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Cementos Cosmos, S.A.

Nombre del río o corriente: Tres pozos

Punto localización: Lugar y parroquia de Oural

Término municipal y provincia: Sarria, Lugo

Caudal concedido: 3,47 l/s

Destino: Usos industriales

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 25 de marzo de 1998

Registro de Aguas: 7653, Sección A, en el Tomo 0077, hoja número 053

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Sarria** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 20 de octubre de 2021.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 3043

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****Expediente:** A/27/05932/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Ayuntamiento de Sarria

Nombre del río o corriente: Manantiales Fonte do Alberque, Rego de Tacós y Rego Do Couso

Punto localización: Vilapedre

Término municipal y provincia: Sarria, Lugo

Caudal concedido: 0,93 l/s

Destino: Abastecimiento del núcleo de Vilapedre

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 11 de septiembre de 1996

Registro de Aguas: 5778, Sección A, en el Tomo 0058, hoja número 078

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Sarria** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 20 de outubro de 2021.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 3044
